

Querida familia:

Agradecemos a confianza que depositaches en nós, escollendo a nosa Escola para o teu fillo.

O CEIP PLURILINGÜE A LAXE trata de formar un modelo de persoa emprendedora, con criterio propio, espírito crítico, e que busque a obxectividade nos seus razoamentos. Queremos que o alumnado estea preparado para interpretar as súas propias experiencias, expresar as súas emocións, ser capaz de canalizar a súa creatividade e buscar a verdade máis alá das ideas preestablecidas.

É moi importante que o centro dote ao alumnado dos hábitos e competencias básicas que lle permitan adquirir un nivel de coñecementos axeitado, non só namentres permaneza na institución escolar, senón como actitude de constante aprendizaxe ao longo da súa vida.

Queremos formar persoas capaces de convivir nun ambiente de respecto, tolerancia, participación e liberdade, que coñezan os seus dereitos e deberes, que asuman e practiquen os valores que fan posible a vida en sociedade e que cumpran cos dereitos e liberdades constitucionais. Para conseguilo, tentamos dar resposta aos enfoques dunha pedagogía activa que busca acadar os obxectivos coa participación do alumnado, a partir da súa propia experiencia e cos instrumentos tecnolóxicos que require a nova sociedade da información.

A importancia da colaboración e implicación do conxunto da COMUNIDADE EDUCATIVA: profesorado, familias, alumnado e persoal non docente é a peza fundamental que sustenta o noso Proxecto Educativo. Por iso ímosvos pedir que compartades as ideas educativas do centro, que sexades aliados e que sintades o CEIP PLURILINGÜE A LAXE como propio.

Cada etapa educativa conta cunha Coordinadora que atende as demandas das familias. A Asociación de Nais e Pais convidaravos ás súas reunións e actividades. En cada inicio de curso informaremosvos, en cada nivel educativo, dos plans de traballo e de encontro.

Benvida á túa escola.

Atentamente.

Patricia M^a Cons Formoso

Directora do CEIP PLURILINGÜE A LAXE

